



www.oqueleo.com

© 2017, Xavier Estévez

© Desta edición: 2019, Santillana Infantil y Juvenil, S. L.

e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-38-9

Depósito legal: M-7174-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Segunda edición: febreiro de 2019

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín, Julia Ortega
e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Kibuko

Xavier Estévez

Ilustración de cuberta
de Elena Hormiga

oqueleo

*Esa noite no quarto de Max nasceu un bosque,
e o bosque medrou e medrou...*

MAURICE SENDAK

A historia máis estraña da miña vida non comeza coma todas as historias, co protagonista erguéndose pola mañá e todo iso; o certo é que era pola tarde e que aquel fora un día bastante gris. Paseaba a cadela pola praia, ou quizais ela paseábame a min, e non tiña eu sensación ningunha de que pasaría algo.

A praia estaba deserta. En xaneiro, nun día nubrado, era doado que estivésemos sós, eu, que ía con Xistra, e os incansables deportistas que percorren o paseo arriba e abaixo unha e outra vez. Aquel día, ademais, unha parella semellaba discutir ao lonxe, sentados nun banco.

Ía frío. Lembro que metín as mans nos petos do anorak e que tiña a carapucha posta.

Xistra corría trazando círculos ao meu redor coma un satélite, ladrándolle a todo o que se movía.

8 Púxenme a admirar como as gaivotas penduraban inmóbiles no ceo, como collidas dun fío. A moita xente non lle gustan as gaivotas pero a min parécenme espléndidas. Ía camiñando devagar pola praia como facía sempre. Chegaba á casa que se erguía nunha punta e logo daba volta e regresaba sobre os meus pasos ata o carreiro da urbanización onde vivo agora. Antes vivía lonxe do mar.

Algo bo trouxo o cambio.

A tarde esmorecía baixo toda aquela masa de nubes e pensei en apurar. Facer trampas, digo. Dar a volta no medio do paseo. Pero despois mirei a cadela e decidín seguir. Subimos polos cons que sobresaen da area, que a marea alta enguliría nunhas horas, e mentres Xistra se presentaba a un cangrexo que, morto de medo, corría cara atrás, eu achegueime á auga

para ver como a espuma branca das ondas xogaba coas pedras.

Entón, agochado entre os penedos, vin un brillo metálico. Achegueime con coidado de non esvarar. Miña nai sempre di que esas rochas son boas para abrir a cabeza. Descubrín, encaixada entre dúas pedras, unha caixa de marmelo. Era unha caixa vella, toda enferruxada, pero semellaba posta alí con moito agarimo.

9

Collina.

Moveuse algo dentro.

Con coidado, levanteime e fun con ela ata unha pedra seca onde poder sentar. Xistra seguíame preguntándome co rabo se aquilo era para ela.

—Non, Xistra —aclareille dándolle as costas por se acaso—. Non é comida.

A cadela, convencida, proseguíu co seu xogo de chimpár pola area.

Apurei a abrir a caixa porque tiña pinta de que pronto caerían as primeiras pingas de chuva. Dentro, había unha vella máquina de fotos,

desas que aínda levaban carrete, e unha nota escrita á man nun papel amarelado.

Desdobrei a nota e comecei a lela.

Ola, Sara,

Sei que estás triste, que tes esa clase de tristura fonda que se acubilla no corazón e resulta difícil botar.

10

Gustaríame que estiveses contenta, e para iso propóñoche este xogo. Só terás que sacar cinco fotos coa cámara que tes aquí. E se te esforzas, prométoche que ao final verás o mundo con outros ollos.

As cinco fotos que tes que sacar son:

Ao edificio máis bonito da cidade.

Ás figuriñas do teu veciño, o señor Grossi.

Á túa irmá.

Á túa nai.

E, por último, unha foto túa.

Sei que o farás ben. É moi importante. E xa verás como volverás sorrir coma outrora.

Asinado, un amigo.

Quedei perplexa. Aquilo non tiña sentido ningún. Alguén pretendía que eu xogase a sacar fotos!

O curioso era que si, que me sentía triste desde había tempo.

Pero o que realmente me sorprendeu foi o encabezamento.

Ola, Sara...

Eu chámome así... Sara.

Ao raiar o día, Kibuko abriu os ollos.

13

Unha luz esbrancuxada bañaba a estancia. Espreguizouse estirando os brazos e ollou pola fiestra da árbore. Un día máis a tristura pousábase sobre o Bosque. Un silencio mesto espallábase por todas as partes.

Kibuko non se deu tempo para lamentarse. Contou un, dous... tres e levantouse.

Ese día tiña moito que facer. Nun recuncho do cuarto, pousado no chan, estaba o seu labor. Tardara varias xornadas en rematalo e agora só tiña que entregalo. Apurou. Rematou todo o que tiña que facer e un pouco despois saíu pola porta que tiña forma de estrela. A árbore tiña moitas portas, pero hoxe tocaba saír por aquela. Daríalle sorte.

—Hoxe será, hoxe será —repetiu para si mesmo. E logo deulle unha volta á chave e baixou polo carreiro entre os carballos. Se naquel momento alguén estivese alí, vería a Kibuko co seu gran corpo redondiño e azul, cun pequeno obxecto baixo o brazo, apurar o paso e sorrir. Sorrir por vez primeira en moito tempo.

14

Kibuko coñecía aquel bosque moi ben. Levaba vivindo alí todo o tempo que podía lembrar, que era bastante. O Bosque, o seu fogar. Para chegar á ferverza só tiña que seguir o camiño, cruzar o campo de flores amarelas e abeirar o río ata o lugar. Contaba con non cruzarse con ninguén, dos poucos que aínda seguían vivindo alí, pero quen sabía?

Polo de pronto non se apartaría do carreiro e iría todo o rápido que puidese. Polos seus cálculos, o paquete tiña que ser entregado ese día e non podía atrasarse.

Foi subindo ao outeiro baixo a sombra das pólas sentindo baixo os pés o camiño alfombrado

de follas caídas. Bufou co último esforzo mais non se detivo a recuperar os folgos. Seguiu adiante con determinación.

O sol morno non quentaba como fixera noutras épocas, pero máis ca a calor, o que botaba de menos eran os paxaros. Todos aqueles paxariños que poboaban aqueles lugares e que daban alegría cos seus cantos.

15

Kibuko lembraba sentar a carón da laxe vermella, pechar os ollos e deixarse anainar polas melodías que xurdían daqueles pequeniños paxaros da cor das abelás. Podía pasar horas así. Gustábanlle porque o facían sentir vivo. Todos os días espertaba cun reiseñor que pousaba no peitoril da fiestra. Era un amigo que semellaba cantar só para el e que conseguía debuxarlle un sorriso mentres abría os ollos.

Botaba de menos todo aquilo.

Agora o Bosque era un sitio silandeiro. Demasiado tranquilo.

Unhas vociñas tímidas resoaron ás súas costas. Kibuko detívose.

Sempre esquecía os buc-buc, aqueles animalíños peludos tan dados a facer trasnadas.

Ese día, pensou, non tiña tempo que perder, así que continuou camiñando.

16 Por momentos oía ruídos que os seguían: unha pisadura entre as follas, unha póla que se movía, un riso nervioso... Os buc-buc eran incansables e agora, coma el, padecían aquel aburrimento que o gobernaba todo.

Respirou profundamente unha, dúas... tres veces, e logo volveu parar.

—Ídevos! —berrou todo o alto que puido—. Hoxe levo présa.

O sol ocultouse tras uns farrapos de néboa, desa néboa que xa nunca marchaba e que cubría gran parte do Bosque.

Ninguén contestou, pero en canto Kibuko deu uns pasos, outros máis febles seguírono. Fixo un aceno de fastío e encarou a baixada ata o camiño das pedras.

O primeiro que pensei é que detrás da nota andaban miña nai ou miña irmá. Pero non era posible. Ningunha das dúas era moi dada a facer cousas así. Abofé que miña nai se esforzaba en que eu estivese contenta. Sempre andaba argallando actividades que puidésemos compartir as dúas xuntas, pero normalmente eran do tipo «facer unha torta, facer traballos manuais, xogar ao parchís...». Iso de inventar un xogo non lle pegaba moito. E moito menos a miña irmá, sempre pendente dos estudos e de saír coas amigas ao centro comercial. A verdade, pouco nos víamos.

Do que non tiña dúbidas era de que o autor da nota me coñecía ben. Non todo o mundo sabía o triste que me sentía cada día. Tiña amigas,

claro, e xogaba con elas no cole pero case sempre me sentía soa. Trataba de buscar motivos para estar leda, pero non o conseguía.

Levantei a vista. Diante de min o mar perdíase no horizonte e confundíase co océano de nubes que atoldaba o ceo. O serán comezaba a escurecer.

18 Decidín que o primeiro que tiña que facer era falar con meu pai. Ese día non podería ser. Xa era moi tarde e pronto estaría a cea e logo para a cama. Estaba de vacacións de Nadal pero, aínda así, a miña nai era moi estrita coa hora de ir durmir.

Cando chegamos, sequei a Xistra coa súa toalla vella e despois escondín a caixa baixo a miña cama.

Ao día seguinte non chovía, pero as nubes escuras seguían no seu sitio. Quedei un bo anaco estomballada entre as sabas mirando para o teito e, á terceira chamada de mamá, levanteime.

No almorzo, miña irmá Carla estaba feliz. Sempre está feliz! Non entendo como alguén pode pasar o día sorrindo. Se nunca vistes algo así, deberiades coñecer a miña irmá. Ela é perfecta... dezaseis anos de perfección: alta, fermosa e simpática. E, por riba, de boas notas. É tan perfecta que cando me meto con ela responde: «Sara, non vas conseguir enfadar-me. Sabes que te quero». E iso anóxame aínda máis.

19

Eu son baixiña, teño os ollos pequenos, o pelo crecho en constante rebeldía e non paso dun notable nin pedíndollelo aos Reis Magos.

«Eu aos once anos era coma ti», di ela. Pero non é certo. Seguro que tivo once anos de pura perfección.

Non lle falei da caixa. Nin a ela nin a mamá. A saber que dirían. Ao único a quen devecía por contarllo era a papá. Así que almorcei á présa, fixen a miña parte de deberes matinais e logo, coa caixa nunha man e o paraugas na outra, saín da casa.

Non me gusta o Nadal. Vaia, antes gustábame pero desde había dous anos parecíame unha época baleira. A época do ano en que todo se enche de luces, pero nada máis.

20 Camiñei pola rúa cruzándome con xente que o único que facía era cargar con bolsas dos grandes almacéns, pasei por detrás do edificio do Concello e crucei a alameda, onde varios nenos xogaban ao fútbol.

Un momento despois, senteime con papá.

Antes pensaba que os cemiterios eran lugares fríos, o peor sitio para estar. Agora descubrí que alí me sinto tranquila. Normalmente non hai moita xente, só uns poucos que levan flores ou rezan uns minutos e marchan. Normalmente é doado estar soa.

Sento no chan apoiada no nicho de papá e falo con el. Empecei a facelo un mes despois do seu falecemento, cando me custaba moito parar de chorar, e despois converteuse nun costume. Todos os sábados pola mañá achégome un anaquiño a falar con el. Cóntolle as miñas his-

torias, as miñas inquedanzas, e iso faime sentir que inda está comigo.

Aquela mañá linlle a nota. Na miña cabeza eu sabía ben o que el diría.

—É un xogo, Sara! Tes que xogar, será divertido.

Meu pai sempre estaba xogando, facendo bromas e dicindo parvadas. Miña nai, Carla e mais eu escachabamos coa risa ás veces. Era moi divertido.

21

Boto de menos cando se deitaba ao meu carón na cama pola noite e inventaba contos disparatados, cando convertía os meus amigos en personaxes e sempre remataba cun «... non sei se foi certo. Pero seguro que puido selo...».

—Tes que xogar —repetiu dentro de min.

Eu non tiña ganas de xogar. Dous anos atrás deixara de ter ganas. Mais, pensei, a el gustaría-lle que o fixese. Non si? Así que devolvín a nota á caixa e púxenme a meditar cal sería o edificio máis bonito da cidade...